

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CBMAM11	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3076	Acabamentos básicos da madeira	2024/2025	80	180	216

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSE MARÍA CEBEIRO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo figura publicado no: DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da F P Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais a) e e) do ciclo formativo, e coas competencias profesionais, persoais e sociais a) e e). Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias r), s), t), u), v), w) e x), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

Dito isto;

As empresas existentes no ámbito próximo o centro educativo están composto na súa maioría por `pequena empresa, pouco automatizadas, salvo excepcións, dedícanse a tarefas artesanais, realizando traballos de toda índole; distintos tipos de acabado, reparación de mobles, elementos de carpintería e na maioría dos casos fabrican os seus propios mobles, polo tanto, considérase oportuno que o alumnado fabrique os mobles sobre os que vai aplicar tratamentos de acabado básico.

Neste senso, é preciso e oportuno reforzar a realización de planos sinxelos de fabricación de mobles coa intención de adecuar o máximo o currículo as características do ámbito produtivo.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Prevenición de riscos na aplicación de acabamentos na industria da madeira e mble.	Entender a importancia da prevención de riscos nos traballos propios da realización de acabamentos.	8	8
2	Preparación de superficies para a aplicación de acabamentos para a madeira.	Saber cales son os pasos para a preparación de superficies de madeira.	30	12
3	Aplicación de acabamentos por medios manual.	Aplicar acabamentos decorativos por medios manuais.	30	15
4	Aplicación de acabamentos por medios aerográficos.	Aplicar acabamentos decorativos por medios aerográficos.	32	15
5	Aplicación de vernices	Aplicar vernices con medios semi-automáticos	46	20
6	Aplicación de lacas	Aplicar lacas	40	15
7	Acabamentos decorativos especiais	Realizar distintos acabados decorativos especiais	30	15

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Prevenção de riscos na aplicación de acabamentos na industria da madeira e moble.	8

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as superficies (lixadura, limpeza e acabado), tendo en conta a relación entre estas operacións e a calidade do proceso de acabado	NO
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.7 Puxéronse en marcha os equipamentos de extracción e depuración de aire que garantan as condicións ambientais e de seguridade adecuadas
CA1.8 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA2.1 Almacenáronse os produtos de acabado nun lugar separado da madeira e nas condicións de temperatura e humidade axeitadas
CA2.4 Recoñecéronse os produtos de acabado a través da información recollida nas etiquetas dos envases
CA2.5 Interpretouse a simboloxía de seguridade dos produtos de acabado
CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas
CA2.11 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Riscos característicos das instalacións e procesos de acabamento.</p> <p>Adopción de precaucións durante a manipulación e a aplicación dos compoñentes e dos produtos de acabamento.</p> <p>Elementos de seguridade persoal, das máquinas e das instalacións.</p> <p>Riscos asociados aos produtos de acabamento. Fichas de seguridade. Elementos de seguridade. Riscos persoais.</p> <p>Medidas de seguridade e ambientais.</p> <p>Máquinas e instalacións.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.</p> <p>Corrección de defectos.</p> <p>Riscos asociados ás operacións de secado. Normas de prevención. Equipamentos de protección individual.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación de superficies para a aplicación de acabamentos para a madeira.	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as superficies (lixadura, limpeza e acabado), tendo en conta a relación entre estas operacións e a calidade do proceso de acabado	SI
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Puxéronse a punto os equipamentos de lixadura e pulidura introducíndose os parámetros establecidos no plan de produción

Criterios de avaliación
CA1.2 Realízouse a elección do tamaño de abrasivo e do tipo de gran e das pastas de puír en función do tipo de superficie que cumpra preparar, así como do produto que se vaia aplicar e do acabado establecido
CA1.3 Realízouse a lixadura na dirección adecuada en función do soporte, do gran do abrasivo e da presión necesaria para conseguir o acabado requirido evitando que queden marcas do mecanizado e raias producidas por unha mala lixadura
CA1.4 Masillouse antes de efectuar a lixadura e verificouse o correcto funcionamento do sistema de extracción de aire
CA1.5 Limpouse a superficie polos medios convenientes antes de aplicar o acabado, e comprobouse que non queden manchas nin produtos incompatibles cos produtos de acabado que se vaian aplicar
CA1.6 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.7 Puxéronse en marcha os equipamentos de extracción e depuración de aire que garantan as condicións ambientais e de seguridade adecuadas
CA1.8 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA1.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA1.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA2.10 Efectuáronse todas as operacións necesarias de limpeza, renovación e pureza de aire, etc., e conseguiuuse unha atmosfera de traballo limpa de elementos contaminantes do acabado
CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Tratamentos e eliminación dos residuos xerados polo acabado: extracción do po de lixar; residuos das cabinas de aplicación; restos de produtos non empregados.
Lixadura de superficies para o recubrimento previo.
Aplicación de masilla.
Lixadura con recubrimento previo.
Pulidura das superficies acabadas.

Contidos
Máquinas e utensilios de lixar e puír: lixadora de bandas, lixadora orbital, lixadora de disco e lixadora delta.
Materiais que corríxen defectos da superficie: tapafendas de cor, masilla de celulosa, bastóns de goma laca e bastón de cera. Masilla de dous compoñentes: uso e condicións de aplicación.
Abrasivos para lixar acabamentos: tipos, soportes e tamaño de gran.
Decapantes: finalidade, tipos, aplicacións e preparación.
Estado das superficies e do produto que se vaia aplicar.
Madeiras máis apropiadas para cada técnica.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación de acabamentos por medios manual.	30

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO
RA3 - Realiza as operacións básicas de acabamentos na madeira e derivados, en relación coas características do produto final	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA3.1 Escolléronse os medios manuais (brochas, utensilios adecuados, roletes, etc.) en función do traballo que se vaia realizar
CA3.2 Situáronse correctamente o aplicador e as pezas para o seu acabado, para conseguir o máximo aproveitamento do material e aumentar a calidade da aplicación
CA3.3 Efectuouse a aplicación do produto de acabado mediante as operacións manuais e o manexo destro dos utensilios e dos medios, de xeito que se obteña o resultado esperado

Criterios de avaliación
CA3.4 Realizouse a aplicación de produto mantendo as condicións óptimas para as persoas, os equipamentos e as instalacións, respectando as normas de seguridade e saúde laboral
CA3.6 Secáronse os acabamentos no espazo destinado especificamente para este fin, asegurando os requisitos de temperatura, humidade e ausencia de contaminantes, requiridos para a óptima calidade do acabado
CA3.7 Efectuouse o control de calidade ao longo de todo o proceso de aplicación, segundo os criterios establecidos
CA3.8 Almacenáronse os residuos en recipientes adecuados e nos lugares previamente establecidos, conforme a normativa
CA3.9 Limpáronse os equipamentos e os accesorios logo de finalizada a tarefa, e deixáronse en condicións óptimas para a súa utilización posterior
CA3.10 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais
CA3.11 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA3.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA3.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Superficies de aplicación.
Características para o acabado.
Vernices e pinturas.
Descoloración, tinguidura, aceites, ceras e goma laca.
Tinturas, ceras e aceites: tipos e aplicación.
Produtos para o acabado manual: preparación e mesturas; disolventes.
Procedementos e operacións en aplicación manual.
Utensilios en aplicación manual: tipos, preparación e operacións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Aplicación de acabamentos por medios aerográficos.	32

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as superficies (lixadura, limpeza e acabado), tendo en conta a relación entre estas operacións e a calidade do proceso de acabado	NO
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO
RA3 - Realiza as operacións básicas de acabamentos na madeira e derivados, en relación coas características do produto final	NO
RA4 - Seca produtos acabados e recoñece as condicións ambientais e os parámetros de secado	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Limpouse a superficie polos medios convenientes antes de aplicar o acabado, e comprobouse que non queden manchas nin produtos incompatibles cos produtos de acabado que se vaian aplicar
CA2.2 Inspeccionouse visualmente ou mediante viscosímetro a fluidez do produto e, en caso necesario, engadíronse produtos ou disolventes para facilitar a aplicación
CA2.3 Reguláronse as máquinas de acordo cos parámetros establecidos segundo as características do soporte e o material que se vaia utilizar
CA2.4 Recoñecéronse os produtos de acabado a través da información recollida nas etiquetas dos envases
CA2.5 Interpretouse a simboloxía de seguridade dos produtos de acabado
CA2.6 Descríronse as operacións de mestura, de preparación dos produtos e de aplicación en forma e proporción establecidas
CA2.7 Realizouse a preparación da mestura en función da superficie que se vaia tratar e do parasito que cumpra combater, tendo en conta a ficha técnica e de seguridade do produto
CA2.8 Comprobouse que os niveis de humidade e temperatura sexan os adecuados na zona de acabamentos, e modificáronse na cabina segundo as especificacións do produto
CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas

Criterios de avaliación
CA2.10 Efectuáronse todas as operacións necesarias de limpeza, renovación e pureza de aire, etc., e conseguiuuse unha atmosfera de traballo limpa de elementos contaminantes do acabado
CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA3.2 Situáronse correctamente o aplicador e as pezas para o seu acabado, para conseguir o máximo aproveitamento do material e aumentar a calidade da aplicación
CA3.4 Realizouse a aplicación de produto mantendo as condicións óptimas para as persoas, os equipamentos e as instalacións, respectando as normas de seguridade e saúde laboral
CA3.5 Axustáronse os parámetros de presión e caudal no acabado con pistolas tras un control visual da aplicación
CA3.6 Secáronse os acabamentos no espazo destinado especificamente para este fin, asegurando os requisitos de temperatura, humidade e ausencia de contaminantes, requiridos para a óptima calidade do acabado
CA3.7 Efectuouse o control de calidade ao longo de todo o proceso de aplicación, segundo os criterios establecidos
CA3.8 Almacenáronse os residuos en recipientes adecuados e nos lugares previamente establecidos, conforme a normativa
CA3.9 Limpáronse os equipamentos e os accesorios logo de finalizada a tarefa, e deixáronse en condicións óptimas para a súa utilización posterior
CA3.10 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais
CA3.11 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA4.1 Diferenciáronse os procedementos de secado en relación cos tipos de acabamentos aplicados
CA4.5 Axustáronse os sistemas de extracción e filtración da cabina de secado
CA4.6 Manipuláronse as pezas economizando tempos e percorridos

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Produtos: tipos e características principais.
Fondos: finalidade, tipos, aplicacións e preparación.

Contidos
<p>0Acabamentos con pistola e con máquinas.</p> <p>Pistolas: tipos, preparación e operacións.</p> <p>Verniz de goma laca.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicación de vernices	46

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO
RA3 - Realiza as operacións básicas de acabamentos na madeira e derivados, en relación coas características do produto final	NO
RA4 - Seca produtos acabados e recoñece as condicións ambientais e os parámetros de secado	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.4 Recoñecéronse os produtos de acabado a través da información recollida nas etiquetas dos envases
CA2.6 Descríbense as operacións de mestura, de preparación dos produtos e de aplicación en forma e proporción establecidas
CA2.7 Realízase a preparación da mestura en función da superficie que se vaia tratar e do parasito que cumpra combater, tendo en conta a ficha técnica e de seguridade do produto
CA2.8 Comprobase que os niveis de humidade e temperatura sexan os adecuados na zona de acabamentos, e modificáronse na cabina segundo as especificacións do produto
CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas
CA2.10 Efectuáronse todas as operacións necesarias de limpeza, renovación e pureza de aire, etc., e conseguiuuse unha atmosfera de traballo limpa de elementos contaminantes do acabado

Criterios de avaliación
CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA3.2 Situáronse correctamente o aplicador e as pezas para o seu acabado, para conseguir o máximo aproveitamento do material e aumentar a calidade da aplicación
CA3.4 Realizouse a aplicación de produto mantendo as condicións óptimas para as persoas, os equipamentos e as instalacións, respectando as normas de seguridade e saúde laboral
CA3.6 Secáronse os acabamentos no espazo destinado especificamente para este fin, asegurando os requisitos de temperatura, humidade e ausencia de contaminantes, requiridos para a óptima calidade do acabado
CA3.7 Efectuouse o control de calidade ao longo de todo o proceso de aplicación, segundo os criterios establecidos
CA3.9 Limpáronse os equipamentos e os accesorios logo de finalizada a tarefa, e deixáronse en condicións óptimas para a súa utilización posterior
CA3.10 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais
CA4.1 Diferenciáronse os procedementos de secado en relación cos tipos de acabamentos aplicados
CA4.2 Recoñeceuse o valor engadido que achega o secado e curado en relación coa calidade final do produto
CA4.3 Identificáronse as condicións ambientais idóneas do lugar de secado (temperatura, humidade, ausencia de partículas en suspensión, etc.)
CA4.4 Preparáronse os equipamentos introducindo os parámetros de temperatura e velocidade do aire de secado
CA4.5 Axustáronse os sistemas de extracción e filtración da cabina de secado
CA4.6 Manipuláronse as pezas economizando tempos e percorridos
CA4.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais
CA4.8 Utilizáronse correctamente os equipamentos de protección individual
CA4.9 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA4.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe

**Criterios de avaliación**

CA4.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza

**4.5.e) Contidos**
**Contidos**

Verniz de goma laca.

Acabamentos de laca, verniz e pintura.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de lacas	40

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO
RA3 - Realiza as operacións básicas de acabamentos na madeira e derivados, en relación coas características do produto final	NO
RA4 - Seca produtos acabados e recoñece as condicións ambientais e os parámetros de secado	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas

CA2.10 Efectuáronse todas as operacións necesarias de limpeza, renovación e pureza de aire, etc., e conseguiuuse unha atmosfera de traballo limpa de elementos contaminantes do acabado

Criterios de avaliación
CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA3.2 Situáronse correctamente o aplicador e as pezas para o seu acabado, para conseguir o máximo aproveitamento do material e aumentar a calidade da aplicación
CA3.4 Realizouse a aplicación de produto mantendo as condicións óptimas para as persoas, os equipamentos e as instalacións, respectando as normas de seguridade e saúde laboral
CA3.5 Axustáronse os parámetros de presión e caudal no acabado con pistolas tras un control visual da aplicación
CA3.6 Secáronse os acabamentos no espazo destinado especificamente para este fin, asegurando os requisitos de temperatura, humidade e ausencia de contaminantes, requiridos para a óptima calidade do acabado
CA3.7 Efectuouse o control de calidade ao longo de todo o proceso de aplicación, segundo os criterios establecidos
CA3.8 Almacenáronse os residuos en recipientes adecuados e nos lugares previamente establecidos, conforme a normativa
CA3.9 Limpáronse os equipamentos e os accesorios logo de finalizada a tarefa, e deixáronse en condicións óptimas para a súa utilización posterior
CA3.10 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais
CA3.11 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA3.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA3.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA4.3 Identifícanse as condicións ambientais idóneas do lugar de secado (temperatura, humidade, ausencia de partículas en suspensión, etc.)
CA4.4 Preparáronse os equipamentos introducindo os parámetros de temperatura e velocidade do aire de secado
CA4.5 Axustáronse os sistemas de extracción e filtración da cabina de secado
CA4.6 Manipuláronse as pezas economizando tempos e percorridos
CA4.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais

Criterios de avaliación
CA4.8 Utilizáronse correctamente os equipamentos de protección individual
CA4.9 Valórouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos
CA4.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA4.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Fondos: finalidade, tipos, aplicacións e preparación.
Produtos para o acabado manual: preparación e mesturas; disolventes.
Zonas de secado: túnel, cabina e cámaras.
Equipamentos e medios de transporte: carros e soportes.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Acabamentos decorativos especiais	30

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos de acabado e xustifica as cantidades e as proporcións	NO
RA3 - Realiza as operacións básicas de acabamentos na madeira e derivados, en relación coas características do produto final	NO
RA4 - Seca produtos acabados e reconece as condicións ambientais e os parámetros de secado	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.2 Inspeccionouse visualmente ou mediante viscosímetro a fluidez do produto e, en caso necesario, engadíronse produtos ou disolventes para facilitar a aplicación
CA2.7 Realizouse a preparación da mestura en función da superficie que se vaia tratar e do parasito que cumpra combater, tendo en conta a ficha técnica e de seguridade do produto
CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA3.4 Realizouse a aplicación de produto mantendo as condicións óptimas para as persoas, os equipamentos e as instalacións, respectando as normas de seguridade e saúde laboral
CA3.6 Secáronse os acabamentos no espazo destinado especificamente para este fin, asegurando os requisitos de temperatura, humidade e ausencia de contaminantes, requiridos para a óptima calidade do acabamentoo
CA3.7 Efectuouse o control de calidade ao longo de todo o proceso de aplicación, segundo os criterios establecidos
CA3.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe
CA3.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza
CA4.2 Recoñeceuse o valor engadido que achega o secado e curado en relación coa calidade final do produto

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Control posterior á aplicación.
Defectos do acabado e corrección de defectos.
Equipamentos e medios de transporte: carros e soportes.
Verificación do proceso de secado.
Corrección de defectos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os mínimos exigibles do módulo versar sobre:

- Traballos preparatorios de máquinas e produtos de acabado.
- Técnica de acabado a pistola.
- Aplicacións de acabamentos en máquinas continuas.
- Control de procesos e de calidade.
- Técnicas de hixiene no traballo.

Para acadar avaliación positiva ;

Cualificarase ós alumnos/as en sesións de avaliación unha vez ó final de cada trimestre.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10, considerándose aprobados todos os alumnos/as que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.

Para a obtención numérica da nota teranse en conta os seguintes criterios:

- 60% da media dos traballos realizados na aula en cada trimestre.
- 40% da media dos exames/tarefas realizados en cada trimestre.

\*Para poder realizar esta suma é necesario acadar un 5 en cada unha das partes.

Para a cualificación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Coñecementos obtidos nas sesións.
- Traballos e exercicios realizados.
- Caderno de clase.
- Participación e relación no entorno de traballo.
- Mantemento e cumprimento das normas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación serán para aqueles/as que non acaden os resultados de aprendizaxe contemplados nos contidos mínimos.

Segundo o resultado da avaliación, para aqueles alumnos/as que amosen algunha dificultade na asimilación de contidos, e segundo as observacións no día a día faráselles, si se cree convinte, unha adaptación intentando que acaden os mínimos exixidos.

Para superar o módulo, o alumnado, deberá aprobar cada unha das unidades didácticas, en caso contrario deberá recuperar as unidades correspondentes mediante a superación dunha proba escrita, se os fallos son conceptuais. pola contra si son un déficit no procedemento e destreza nas operacións é necesario repetir determinados exercicios na aula taller.

O alumnado que necesiten recuperar algunhas das unidades de traballo, recibirán un apoio esencial teórico-práctico antes de ser definitivamente avaliados.

Antes do inicio do período de recuperación, realizarase unha proba teórica xeral. O alumnado que non superara algunha proba obxectiva escrita poderá recuperala. O alumnado que superara todas as probas obxectivas poderá subir nota.

O alumnado que non supere algunha actividade práctica despois das actividades de reforzo, deberá realizar o período de recuperación.

Durante o período ordinario da FCT, aquel alumnado que non superasen o módulo, recibirán clases de reforzo e recuperación naqueles conceptos e procedementos que non acadaron avaliación positiva, sendo avaliados de novo no mes de xuño.

As actividades de recuperación faranse de xeito individualizado logo de rematar a 2ª avaliación, no espazo de tempo que quede dispoñible ata a avaliación final.

Programaranse para cada alumno/a en función dos obxectivos non acadados.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Consistirá na realización dunha proba de coñecementos e outra de procedementos, inspiradas no 100 % dos obxectivos do módulo.

Para o alumnado que perdan o dereitos á avaliación continua, e tal como se contempla na norma, realizarase unha proba extraordinaria de avaliación, que lle permitira ó alumno/a evidenciar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos. En todo caso, o contido das probas versará sobre os conceptos e procedementos non acadados durante o curso.

Datas da avaliación:

As datas e horario serán publicados nas canles habituais do CIFP, no taboleiro de anuncios do centro, na porta do taller, é dicir, nos puntos e canles das que dispoña o centro.

A proba de avaliación extraordinaria realizarase o alumnado apercibidos coa perda de avaliación continua unha vez terminada a 2ª avaliación e antes da avaliación final.

O alumnado apercibidos coa perda de dereito á avaliación continua, realizarán unha proba teórico/práctica nas que se examinará dos contidos e técnicas recollidos na programación e os engadidos a partir dunhas necesidades didácticas específicas. Esta proba terá unha duración máxima de 6 sesións, informarase con alomenos cun mes de antelación, expoñendo a data de celebración da mesma nas canles habituais.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por tódolos ,mestres /as que imparten clase na FP básica, celebraremos unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

A avaliación da práctica docente será realizada a final do curso unha vez se teñan os resultados finais, esta farase mediante unha enquisa-inquérito anónima.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

Na primeira semana do curso realizarase unha proba de coñecementos básicos e relacionados coa materia do módulo que influirá en gran medida nos contidos mínimos esixibles.

Terase en conta a valoración por parte do equipo `departamento de orientación, que interpretará a inquisa realizada a cada alumno/a.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acadase os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceranse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor, e na repetición daqueles traballos de taller nos que non acadou o mínimo esixible.

Tamén, en colaboración co equipo do departamento de orientación, aqueles casos detectados que sexa pertinente e preciso poderá levarse a cabo diferentes medidas de flexibilización modular nas actividades de ensino- aprendizaxe,

Estudarase individualmente para cada alumno/a.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Aínda que a educación e valores é un aspecto que debería de vir moi traballado das etapas educativas anteriores, farase fincapé sobre o respecto cara o traballo dos compañeiros/as, xa que é fundamental á hora de fornecer os vínculos no mundo laboral. Fomentárase as relacións entre o alumnado intercambiando técnicas de traballo e poñendo suma atención a que ningún alumno/a do grupo se sinta ou este discriminado. O coidado do medio ambiente e outro dos aspectos a desenrolar, poñendo especial interese no aproveitamento dos materiais, no reciclado dos refugallo, en evitar todo o posible calquera tipo de contaminación ambiental, vertido tóxico, nocivo para o ser humano...

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Acolleremos a visita dun/s empresarios/as, habitual colaborador do CIFP, que dará unha charla-exposición sobre a materia, coa finalidade de que o alumnado viva ese enfoque en primeira persoa situación real do módulo de acabamentos.

Os propostos son representantes de empresas, como: Sangiovanni, Santos, Finsa.. (do tecido industrial da contorna e habituais colaboradores co CIFP Politécnico de Santiago) que teñen nas súas instalacións do área de acabamentos de gran interese para o noso alumnado da básica. Dando a coñecer as diferentes técnicas empregadas e demandadas no mercado

Organizaranse visitas a empresas do sector e outras actividades, sempre que haxa boa predisposición por parte destas, apostando por aquelas que realicen traballos de especial interese para o alumnado e que estean relacionados cos obxectivos do currículo.

As actividades propostas polo departamento ou polo equipo docente, ó longo do curso, irán en función das posibilidades do centro, da evolución da pandemia e outras circunstancias da contorna.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Comunicación da programación

A programación do módulo é explicada ao alumnado o comezo do curso: mínimos exixibles, criterios de cualificación, contidos. entre outros.

Se lles comunica que poden consultala na "Aula Virtual " do centro.

En base o acontecido no CURSO 2020/21.

En situación COVID-19.

Xustificación da medida.

O departamento de madeira, seguindo as indicacións contidas no *¿*Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19, nos centros de ensino non universitario de Galicia, para o curso 2020/01/21, con data 22 setembro do 2020. Decide introducir algunhas modificacións no referido aos instrumentos e criterios de avaliación, na metodoloxía e nos contidos da programación do presente curso.

Principios pedagóxicos e metodolóxicos.

O principal problema que temos nos módulos de taller que se imparten nos ciclos, é que son nun 80% prácticos, dito isto, unha vez se estea confinado ou en corentena non temos acceso o material necesario para realizar actividades ou tarefas. Tendo este principio básico claro, haberá que ter unha gran tolerancia na realización e presentación dos exercicios.

O/a mestre/a busca garantir, cunha excepcional flexibilidade, a presentación das tarefas, así como a equidade e igualdade de oportunidades para non prexudicar ao alumnado máis desfavorecidos en canto a disposición de equipos informáticos ou acceso a plataformas dixitais.

Adaptación de contidos.

Ao inicio do curso, infórmase aos alumnos/as mediante presentación informática dos contidos da programación, UF (unidades formativas) que están compostas de UD (Unidades didácticas) e dos CA (criterios de avaliación) que recollen e se van a aplicar.

Infórmase ao alumnado sobre o lugar onde facer o seguimento das programacións dos módulos que cursa e o deber de darse de alta nas aulas virtuais dos módulos. Neste caso as versións das programacións para o alumnado estarán publicadas no intranet do centro.

Cando se produza un confinamento ou algún/ha alumno/a estea en corentena, a realización das tarefas serán a través da aula virtual ou plataformas similares.

As U.D. terán paralelamente a continuación dos seus contidos a través da aula virtual, sempre e cando sexa posible xa que a limitación de materiais e espazos axeitados condiciona tal desenvolvemento paralelo.

Instrumentos de avaliación.

Cando se confine ao alumnado; o principal instrumento para avaliar serán as tarefas e probas propostas na aula virtual. A temporalización das mesmas será a criterio do mestre, xa que considerará a adaptación dos contidos como se detalla no punto anterior.

Semi -presencial.

Todo o material das unidades didácticas estará a disposición do alumnado na aula virtual do centro.

Impartirase a parte teórica por medios telemáticos, no horario correspondente ao seu curso. ( posible Horario espello)

Proporanse exercicios e traballos asociados as unidades didácticas, tanto práctica como teórica, impartidas na aula durante o período presencial.

Deberan entregarse na data establecida, se son entregados fora de prazo non se cualificaran.

Todos serán avaliábles.

Confinamento total

Todo o material das unidades didácticas estará a disposición do alumnado na aula virtual do centro.

Impartirase a parte teórica por medios telemáticos, no horario correspondente ao seu curso. (Horario espello)

Explicarase a realización dos exercicios, por medios telemáticos, para que o alumnado poida elaboralos, no horario correspondente ao seu curso.

Todos serán avaliábeis.

A actuación co alumnado coretenado será a mesma que a utilizada na situación de confinamento total.

Si nun trimestre se produce un confinamento parcial o mestre, en función do desenrolo do mesmo, decidirá se os exames ou probas serán presenciais ou non.

Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación mantéñense os especificados no punto 5 da programación, xa que eminentemente os módulos teñen un carácter práctico de destreza. En canto ao tempo dedicado na aula virtual, prestarase especial atención ós estándares relacionados co saber, coñecer e interpretar. E por outro lado, co esforzo, compromiso e a constancia na realización das tarefas propostas.

Sempre que o COVID-19 o permita realizaranse as probas prácticas e teóricas de maneira presencial. Seguindo os criterios do punto 5.